

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO A PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN

Na data da sinatura dixital,

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Don Delmiro Prieto González, con DNI 71497418D, presidente da Federación Down Galicia, con NIF: G 15665144 e domicilio na rúa Alejandro Novo González núm. 1, de Santiago de Compostela, que actúa no seu nome e representación.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde. Asume a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, conforme aos principios obxectivos da concepción integral da saúde, na que se inclúe a promoción da saúde, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñen un risco para esta, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención ás necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario.

SEGUNDO.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

TERCEIRO.- A Federación Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa as oito entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia. A Federación foi creada a principios do ano 1998 para canalizar as demandas do colectivo de persoas coa síndrome de Down ante a Administración e achegar solucións para contribuír a normalizar a súa situación na sociedade. Entre as súas funcións, tamén inclúe a de coordinar, colaborar e propoñer programas de actividades ante institucións públicas e privadas para a súa posta en práctica a través das súas entidades membro. Ten como misión apoiar o labor das entidades da Federación no traballo pola inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, a través de apoios personalizados ao longo da súa vida e da súa participación nos recursos existentes para toda a poboación.

A Federación Down Galicia está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-1284, foi declarada de utilidade pública no ano 2006 e cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTO.- Dada a especificidade técnica que requiren os programas de carácter sociosanitario que desenvolve a Federación Down Galicia no relativo á avaliación e seguimento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTO.- Que as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúe o seu obxecto e tendo en conta que a Federación Down Galicia agrupa as oito entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia (Down Compostela fundación e asociación, Down Coruña, Down Ferrol, Down Lugo, Down Ourense, Down Pontevedra e Down Vigo), de acordo co previsto nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento pola Federación Down Galicia, no ano 2024, do programa *"Pilota de Bateria de Tests Dixitais para a Avaliación do Envellecemento de persoas coa síndrome de Down e Discapacidade Intelectual"* (Anexo I).

A Federación Down Galicia será a responsable técnica e administrativa de xestión do programa obxecto deste convenio.

SEGUNDA. SUBCONTRATACIÓN

O programa deberá dirixirse á atención das persoas con síndrome de Down, prestando axuda técnica aos/ás profesionais que as atenden.

A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo nos diferentes dispositivos da Federación Down Galicia. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 75 % do importe da actividade subvencionada.

O exceso de subcontratación sobre a antedita cantidade minorarase directamente do importe da subvención concedida a través deste convenio.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto deste convenio.

TERCEIRA. OBRIGAS

A federación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente



convenio.

- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria.
- c) Comunicar á Subdirección Xeral Atención Primaria calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.
- d) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos.
- e) Coordinarse cos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde do seu ámbito de actuación.
- f) Someter á consideración técnica da Subdirección Xeral de Atención Primaria calquera programa ou intervención que vai poñer en marcha o equipo técnico. Para tal fin a dirección técnica deste equipo presentará os novos programas a desenvolver e constará como mínimo dos seguintes apartados:
 - Denominación do programa.
 - Xustificación da actuación.
 - Descrición do programa: metodoloxía.
 - Desenvolvemento programático: obxectivos xerais e específicos, poboación destinataria, difusión prevista, recursos humanos e materiais, mecanismos de coordinación, detalle de actividades, cronograma, orzamento e avaliación prevista.
- g) Axustarse á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como á normativa de desenvolvemento desta; á normativa concordante na materia e as instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.

CUARTA. FINANCIAMENTO

Para o cumprimento deste convenio, a Consellería de Sanidade comprométese a achegar a cantidade de **dez mil euros (10.000,00 €)**, con cargo a aplicación orzamentaria **4201.411A.481.1**, co código de proxecto **2022107**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

QUINTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A contía indicada na cláusula CUARTA farase efectiva do seguinte xeito:

a) Anticipos: Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á súa xustificación por un importe de ata un máximo do 80 % da contía total do convenio, que a federación deberá solicitar presentando:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como anexo IV.

b) Pagamento final: A xustificación final ten carácter obrigatorio e realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A porcentaxe da subvención que reste por pagar tras a realización dos pagamentos anticipados, de ser o caso, non se fará efectiva ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada.

A xustificación final deberá presentarse con data límite e improrrogable do **1 de decembro de 2024**.

SÉTIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A XUSTIFICACIÓN.

Na xustificación final deberase presentar:

- 1) Relación ordenada e detallada dos gastos das actividades obxecto do convenio segundo o anexo II.
- 2) Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalentes dos gastos ocasionados polo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o pagamento destes.

En todo o caso, cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada. Soamente se poderá imputar o 100 % dun gasto cando este sexa exclusivo da actividade do convenio.



As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificados e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do proveedor para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).

3) Certificación da federación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, e que foron debidamente aboados.

4) Declaración actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes segundo o anexo IV.

5) Declaración do programa realizado e financiado con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.

A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, que emitirá informe favorable, de seren conforme.

No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.

Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024, que fosen efectivamente pagados ata o 30 de novembro de 2024, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:



a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal da entidade: custo total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o daquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar esta. O custo máximo imputable será o determinado polo convenio colectivo de aplicación.

No caso das pagas extraordinarias poderase imputar a parte proporcional dos meses e horas imputadas desas nóminas ás actividades do programa.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	77,78 €
MANUTENCIÓN	44,09 €
QUILOMETRAXE	0,26 €/KM

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Os gastos de alugamento así como os correntes de subministracións (auga,luz..) non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade do programa subvencionado. No caso contrario soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado



e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

Serán considerados subvencionables os gastos derivados da realización de auditorías de calidade e establecemento de plan de calidade.

As dúbidas en relación coa subvencionabilidade dos gastos serán resoltas pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

NOVENA. REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electronicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO" (PR004A)", dirixíndoas á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

DÉCIMA. MEMORIA FINAL

Con data límite 15 de xaneiro de 2025, a Federación deberá achegar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria unha memoria final das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo III e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula anterior.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN MIXTA PARITARIA.

Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Un representante da Consellería de Sanidade.
- Un representante do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da Federación.



No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o conselleiro de sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO TERCEIRA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Federación Down Galicia que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO CUARTA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO QUINTA. REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA. DEBER DE COLABORACIÓN

A Federación prestaralle colaboración e facilitaralle tanta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, á Consellería de Sanidade, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



DÉCIMO SÉTIMA. PUBLICIDADE

A Federación comprométese a incluír en todos os documentos e accións de difusión e información do programa tanto publicacións (artigos científicos, material de divulgación) como contornos dixitais (webs, etc), o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, e indicando que o programa é financiado en virtude deste convenio de colaboración, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA. PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

DÉCIMO NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

VIXÉSIMA. SINATURA DO CONVENIO

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das partes asinantes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

En proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente este convenio.

Pola
**CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZO
GALEGO DE SAÚDE**

Pola
FEDERACIÓN DOWN GALICIA

Antonio Gómez Caamaño

Delmiro Prieto González



ANEXO I

PILOTAXE BATERÍA DE TESTS DIXITAIS PARA A AVALIACIÓN DO ENVELLECIMENTO DE PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E DISCAPACIDADE INTELECTUAL 2024



MEMORIA PROXECTO



**PILOTAXE BATERÍA DE TESTS
DIXITAIS PARA A AVALIACIÓN DO
ENVELLECIMENTO DE PERSOAS
COA SÍNDROME DE DOWN E
DISCAPACIDADE INTELECTUAL 2024**

Federación Down Galicia



1.- DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Falar de envellecemento é, para as entidades de Down Galicia, falar de retos e tamén de futuro. A realidade é que nos atopamos con persoas usuarias de entidades relativamente que están a envellecer nos nosos servizos.

O modelo de calidade de vida, centrado nos eixos de autodeterminación e participación inclusiva, xunto co aumento da esperanza de vida das persoas coa síndrome de Down, obrigan á procura de respostas adecuadas nun novo ámbito de actuación que garanta unha atención global de persoas usuaria e ao longo de toda a súa vida optimizando o seu benestar. Por iso, no ano 2013, a Federación crea unha **comisión de traballo de envellecemento** formada por profesionais de todas as entidades do movemento Down Galicia, e que, poñen en marcha diferentes proxectos dende da área de vida adulta do servizo de promoción da autonomía persoal.

O envellecemento das persoas coa síndrome de Down pode considerarse por unha banda un avance e por outro, un gran desafío.

A esperanza media de vida das persoas coa síndrome de Down incrementouse significativamente nos últimos anos, superando incluso os 60 anos. A realidade, é que nos atopamos nas entidades con persoas usuarias relativamente novas que están a envellecer nos nosos servizos.

A revisión bibliográfica demostra que **as persoas con discapacidade intelectual en xeral teñen un envellecemento precoz e máis probabilidade de que este envellecemento sexa patolóxico**. Á vez que a súa esperanza de vida é máis longa, chega unha poboación maior de persoas adultas que mostran cambios prematuros relacionados coa idade. De aquí a necesidade de dispor de un programa e unhas ferramentas que respondan ás novas necesidades físicas, psíquicas, cognitivas e sociais de usuarios/as que a partir de certa idade son grupo de risco e sobre as que é necesario iniciar, canto antes, un proceso de avaliación das súas competencias cognitivas para detectar un posible deterioro canto antes.

A taxa media de prevalencia da Enfermidade de Alzheimer (EA) na síndrome de Down (SD) estímase en torno ao 15% e aumenta coa idade. Aínda que a taxa de prevalencia pode ser similar ou lixeiramente superior á que se observa na poboación xeral, a media de idade á que se inicia na poboación coa síndrome de Down é considerablemente máis baixa: uns 20 anos. Por iso, as asociacións e organismos de atención a este colectivo, necesitan dispor de ferramentas válidas para identificar este problema de forma precoz.

A principal cuestión radica en **dispor de instrumentos para avaliar a Enfermidade de Alzheimer (EA) nas persoas coa síndrome de Down**, adaptando e complementando os instrumentos de avaliación que se utilizan para a avaliación da poboación xeral.

Actualmente en Down Galicia dispoñemos dun **protocolo de avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa síndrome de Down na súa 3ª edición do 2023 (Protocolo ASE SD)**, que se comeza a aplicar a partir dos 20 anos no caso das persoas coa síndrome de Down, **así como un protocolo de seguimento do envellecemento das persoas con outra discapacidade intelectual na súa 1ª edición do 2023 (Protocolo ASE DI)**, que se comeza a aplicar a partir dos 45 no caso das persoas con discapacidade intelectual, e que ten por principal obxecto, describir unha serie de procesos para a recollida sistemática de información, que contribúan a un mellor coñecemento dos procesos de envellecemento normal e patolóxico.

Estes protocolos son unha guía para a recollida de información relativa aos procesos de envellecemento das persoas usuarias das entidades membro da Federación Down Galicia, que



mestura a aplicación de instrumentos de avaliación e observación estandarizados e de elaboración propia, establecendo unha aplicación e recollida de datos periódica que permita obter información lonxitudinal do proceso para cada persoa usuaria. Sen embargo, temos a necesidade de completar este protocolo con novos instrumentos de avaliación que avalíen as capacidades cognitivas das persoas usuarias (atención, memoria, gnosias visuais,...) e que, ata o de agora, non estamos a avaliar por non dispor de ningún instrumento axeitado, postos que non lle resultan aplicables os actuais ante diferentes dificultades, como a falta de lectoescritura.

Ante as **limitacións dos test clásicos**, sobre todo na súa aplicación en persoas con discapacidade intelectual (DI), xorde a motivación de crear un mecanismo de avaliación neuropsicolóxica que poida ser utilizado como cribado e monitorización cognitiva para a detección de problemas cognitivos incipientes en persoas coa síndrome de Down (en adiante SD) e discapacidade intelectual (en adiante DI) de etapa adulta, e que mellore as limitacións das actuais probas. Para isto pretendemos utilizar os tests dixitais, técnicas de aprendizaxe máquina —Machine Learning— e as Tecnoloxías da Información e as Comunicacions.

Así, a **misión** deste proxecto será realizar a pilotaxe dunha batería de tests dixitais que cubra diferentes ámbitos da memoria e capacidades cognitivas, especificamente adaptada ás características particulares da poboación coa SD e DI.

Máis concretamente, traballaremos en torno ós seguintes **obxectivos**:

- Identificar e analizar as necesidades de adaptación dunha batería de TEST DIXITAIS para poder aplicarse ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.
- Pilotar e validar a batería de test dixitais a través dun estudo piloto involucrando a persoas usuarias e as entidades membro da Federación Down Galicia.
- Levar a cabo un plan de difusión dos resultados do resultado da pilotaxe da batería dos tests dixitais.

2.- DESCRICIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Dispor dunha pilotaxe e validación dunha ferramenta que facilite e axilice a atención e diagnóstico dos procesos de envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, así como dun posible deterioro cognitivo e de patoloxías como o Alzheimer, é esencial para o cumprimento da misión da nosa organización sendo clave para o desenvolvemento e benestar das nosas persoas adultas socias. Por iso, dende Down Galicia traballamos co fin de obter o financiamento necesario para poder acadar o noso obxectivo, buscando institucións e organismos que poidan colaborar e achegar valor e recursos económicos a este proxecto.

Alguns dos **aspectos clave no testeo e validación das ferramentas** serán:

1. Avaliación cognitiva ecolóxica. Deseño dun test dixital que cubra diferentes ámbitos da memoria e capacidades cognitivas, a partir dunha experiencia pilotada, centrado nas necesidades específicas de persoas con SD, garantindo a súa usabilidade e idoneidade.
2. Atención centrada na persoa usuaria, priorizando aspectos de personalización e facilidade de uso dun test dixital táctil que permita avaliar adecuadamente a existencia de dano cognitivo.



3. Posibilidade de incorporar, a posteriori, técnicas de análises avanzadas (Machine Learning), sobre os datos capturados, que ofrezan indicadores aos profesionais e soporten o diagnóstico sobre a existencia de dano cognitivo.

Para levar a cabo este proxecto será preciso, levar a cabo unha serie de **actividades** que contribúan a acadar os obxectivos que se relacionan no apartado anterior:

Actividade 1- Identificación e análise de necesidades.

O punto de partida do proxecto é a análise do resultado dun piloto experimental con unha batería de test para a poboación sen discapacidade, que pon de manifesto a necesidade por un lado a viabilidade de empregar este tipo de ferramentas innovadoras para a avaliación e seguimento do envellecemento nas persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, e tamén a necesidade de adaptación e accesibilidade ás mesmas, por parte da poboación con discapacidade intelectual.

Esta análise realizarase de forma conxunta por un equipo multidisciplinar, psicólogos, neurólogos e persoal da Federación Down Galicia e das súas 7 entidades membro. Ademais, involucrándose a grupos reducidos de persoas usuarias para determinar as necesidades e características das ferramentas a dispoñer.

Actividade 2- Validación da batería de Tests dixitais DOWN.

A efectos de poder validar a usabilidade dos tests e poder identificar posibles melloras, no testeo a realizar utilízase un modelo de aceptación tecnolóxica (STAM¹) empregando cuestionarios sobre facilidade de uso e utilidade percibida por parte das persoas usuarias, especialmente adaptada para persoas maiores. Como métricas de medición, empregárase a utilidade percibida, a facilidade de uso percibida e a actitude cara ao uso futuro.

Actividade 3- Difusión do proxecto

Levaranse a cabo diferentes actuacións de difusión do proxecto e da batería de tests dixitais noutros contextos alleos ás propias entidades de Down Galicia, que tamén están implicadas na atención do colectivo das persoas con discapacidade intelectual, o que porá en evidencia a transferibilidade e replicabilidade do proxecto a outras persoas usuarias e a outros contextos (alleos ao movemento Down Galicia). Así, preténdese que outras persoas con discapacidade intelectual, pódanse beneficiar do devandito recurso a través doutras entidades e servizos vinculados co sector.

En canto ó **ámbito de actuación**, o proxecto que nos ocupa estenderá a súa actividade practicamente por toda a xeografía galega, especialmente nas capitais e cidades máis importantes de cada provincia, nas que teñen a súa sede os centros de traballo de Down Galicia que executan de maneira directa as actuacións do proxecto, aínda que tamén naquelas cidades ás que pertencen as persoas beneficiarias directas e indirectas das nosas actuacións: A Estrada, Ames, Arzúa, Brión, Ordes, Oroso, Padrón, Rianxo, Santiago de Compostela, Teo, Valga, Vedra, A Coruña, Cerceda, Oleiros, Cambre, Betanzos, Sada, Madrid, Bergondo, Arteixo, Lugo cidade e arredores, Lourenzá, Vilalba, Taboada, Viveiro, Cervo, O Vicedo, Sarria, Baralla, Becerreá, Castroverde, Baleira, Monforte de Lemos, Pobra do Brollón, Agolada, Arnoia, Nogueira de Ramuín, Ourense, Pereiro de Aguiar, Celanova, Vigo, Porriño, Mos, Cangas, Pontevedra, Marín,

¹ STAM: Chen, K., & Lou, V. W. Q. (2020). Measuring senior technology acceptance: development of a brief, 14-item scale. *Innovation in aging*, 4(3), igaa016.



Poio, Sanxenxo, O Grove, Cambados, Vilagarcía, Redondela, Moaña, Meaño, Cuntis, Caldas de Reis, Ferrol, Narón, Fene, Neda, Mugaros, Cariño, Pontedeume, Miño e Cedeira...

Os **recursos humanos** que participarán no desenvolvemento do programa pódense clasificar en 2 grupos en función das tarefas a levar a cabo:

- Por unha banda, profesionais de intervención directa como psicólogos/as, traballadores/as sociais, psicopedagogos/as, educadores/as, etc. que forman parte das entidades membro de Down Galicia; cunha ampla bagaxe especializada no desenvolvemento das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual. Serán as persoas encargadas de pilotar e aplicar a batería de tests dixitais ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, ademais de aportar a súa valoración sobre a funcionalidade e a experiencia de aplicación das mesmas.
- Doutra banda, cóntase co equipo de coordinación do proxecto, que corre a cargo da xerencia e coordinación de programas da Federación, así como a parte administrativa e de xestión tramitada por profesionais de administración. Así mesmo, da publicidade e xestión informática encárganse as técnicas de comunicación e informática respectivamente. Este equipo de profesionais será o encargado de coordinar e supervisar a boa execución do proxecto asegurando o cumprimento na execución das actuacións segundo a proposta planificada.

Unha vez finalizado o proxecto, ca batería de test dixitais e a base de datos pechada, dende as entidades membro de Down Galicia procederase inmediatamente a incorporar esta nova ferramenta validada aos protocolos de avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outra discapacidade intelectual, de tal maneira que se comecen a aplicar estes tests nos novos procesos de avaliación das persoas usuarias.

Así, esta batería de probas será un novo recurso que se sumará ós instrumentos que xa se veñen aplicando nos procesos de avaliación, e que aportará máis información no seguimento e evolución do seu envellecemento.

Para facilitar unha axeitada aplicación destas probas, dende a Federación organizarase unha sesión formativa co persoal técnico de atención directa que aplican os protocolos de avaliación do envellecemento nas diferentes entidades membro, e na que se tratará de presentar e explicar cada un dos tests que forman parte deste novo recurso, asegurando unha axeitada aplicación e que a información quede arquivada de maneira segura na correspondente base de datos.

3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA E TIPO DE SOLUCIÓN E MELLORAS ESPERADAS

Unha vez a nosa entidade teña implantado a batería de tests dixitais para a avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, poderemos supoñer unha mellora na atención das persoas adultas que forman parte das nosas entidades. A maiores, permitirá que a **Federación Down Galicia se posicione como unha entidade referente na atención especializada ás persoas adultas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual**, na medida en que dispón de unha ferramenta adaptada ás necesidades e características destas persoas.

A idea é que este proxecto, contribúa a paliar os problemas e limitacións dos tests clásicos e que a súa vez contribúa á sustentabilidade da actividade da Federación en tanto en canto que, á súa vez, a batería de tests se poida utilizar:



- Como instrumento para a prevención do desenvolvemento de demencias, podendo ser utilizados para a estimulación de diferentes ámbitos da memoria (semántica, de traballo, prospectiva, etc.) así como outros trazos cognitivos (atención, gnosias, etc.)
- Como ferramenta de cribado, xa que, co tempo, a idea é poder empregar algoritmos de aprendizaxe automática que serán adestrados e validados como parte deste proxecto e que, por deseño, manterán a súa validez psicométrica para que poidan servir como instrumento complementario no diagnóstico clínico. É dicir, preténdese utilizar esta batería de tests como “sistema de alarma” para contribuír á detección das demencias nas súas etapas máis temperás, cando os síntomas aínda non son evidentes prolongando así a vida activa das persoas (unha detección temperá de dano cognitivo leve pode retrasar o desenvolvemento da EA ata 8 anos).

Deste xeito, as persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual en etapa adulta (maiores de 20 anos) que forman parte das entidades membro de Down Galicia (que actualmente supoñen en torno a unhas 600 persoas), poderán dispoñer de unha ferramenta baseada nas novas tecnoloxías adaptada ás necesidades e características do colectivo que permita obter información sobre o seu funcionamento cognitivo. Así mesmo, será posible que os resultados das diferentes aplicacións dos tests queden almacenadas informáticamente polo que, facer un seguimento do proceso de envellecemento destas persoas, será unha tarefa máis sinxela.

Aínda que a Enfermidade de Alzheimer (EA) non ten cura nestes momentos, é posible atenuar os seus efectos e retardar de forma considerable a súa evolución sendo fundamental unha detección temperá.

O reto de dispor dunha unha ferramenta validada a ad-hoc, motiva a necesidade da pilotaxe da batería de tests dixitais que se están a desenvolver por outra liña de proxecto, co obxectivo de dispor dunha batería de tests, que poida ser utilizada de forma efectiva entre as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Deste xeito, búscase a dixitalización de diferentes ferramentas clásicas (test de lapis e papel) facilitando as posibilidades de percepción e procesamento da información por vía visual (canle de percepción prioritario nas persoas coa síndrome de Down).

4.- PERÍODO EXECUCIÓN E DETALLE ORZAMENTO

Período execución do proxecto: **do 1/1/2024 a 30/11/2024 (11 meses)**

Ingresos previstos: Convenio da Consellería de Sanidade 2024

Gastos previstos		
Concepto	Detalle	Importe
Subcontratación ás entidades membro pola pilotaxe e aplicación	Prestación servizo pola dedicación do persoal propio das entidades membro da Federación ao proxecto	7.500,00 €
Persoal coordinación e xestión autonómica do proxecto	Soldos e salarios	2.500,00 €
TOTAL GASTOS		10.000,00 €



ANEXO II: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	





Documento asinado dixitalmente por:
Antonio Gómez Caamaño (24/07/2024 15:43)
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-34G4-BOAH-OF40-TBR5-7YH3-OYT5-Q172-1828-6237-48>

[illegible]

ANEXO III: MEMORIA FINAL

1. Características básicas da entidade: data de inicio do funcionamento do centro, fotocopia cotexada do CIF, habitantes de referencia segundo os datos do INE a mes de xaneiro do ano en curso, organigrama, horario de funcionamento do centro, localización, número de despachos.

2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa federación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión, se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.

3. Actividades realizadas:

Persoas usuarias atendidas no ano natural, especificando o número de homes e mulleres. Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental/sociosanitaria.

Programas de incorporación social: data, denominación, descrición, poboación diana, poboación acadada se procede.

4. Balance de ingresos e gastos da entidade:

Ingresos:

- Informe que inclúa a contía de todas as axudas económicas recibidas pola entidade e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
- Débedas con entidades de crédito.
- Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
- Ingresos por cotas de socios.
- Outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.

Gastos: Informe que inclúa a contía de todos gastos da entidade:

- Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
- Gastos de mantemento: arrendamento/aluguer, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
- Tributos.
- Gastos e perdas de exercicios anteriores.
- Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.

5. Reclamacións presentadas polas persoas usuarias: xuntar copia de todas as reclamacións achegadas polas persoas usuarias no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

6. Cubrir as fichas de indicadores do funcionamento do programa.



ANEXO IV : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL

NIF

TIPO

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

PÁXINA WEB DA ENTIDADE

DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

(deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZON SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:

a) Non están incursas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados.

b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.

3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas:

☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención.

☐ Sí obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE CONCESIÓN	DISPOSICIÓN REGULADORA

☐ Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención.

☐ Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

